

# INFORME DE RESULTADOS

Enquisas de avaliación do  
Itinerario formativo  
virtual de xénero (6.<sup>a</sup> edición)

# ÍNDICE

1. Introducción
2. Datos de participación no Itinerario formativo virtual en xénero
  - a. Vinculación coa universidade
3. Valoración do itinerario
4. Conclusións finais e respostas abertas

## 1. Introducción

O [Itinerario formativo virtual en xénero](#) é xa unha acción consolidada, con seis edicións completadas, que ofrece un achegamento á formación con perspectiva de xénero en diferentes ámbitos de coñecemento. Os cursos que o compoñen están deseñados e impartidos por profesionais con experiencia e con formación especializada en xénero. Esta proposta está impulsada e organizada pola [Unidade de Igualdade](#) da Universidade de Vigo co apoio financeiro da Secretaría Xeral de Igualdade, a través dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

A sexta edición do Itinerario formativo virtual en xénero desenvolveuse entre o 29 de marzo e o 29 de maio de 2022 cunha oferta de 19 cursos dispoñibles en formato virtual. O itinerario ofreceuse como un recurso para a comunidade universitaria da Universidade de Vigo e, por primeira vez, aberto ao público xeral.

Nesta convocatoria, aos cursos xa dispoñibles, sumouse [Deconstruír o discurso prehistórico dende o feminismo](#). Deseñárono e impartírono Andrea Mouriño Schick, Beatriz Comendador Rey e Carmen Pérez Maestro, integrantes as tres da Área de Prehistoria no Departamento de Historia, Arte e Xeografía da Facultade de Historia da Universidade de Vigo.



A convocatoria difundíuse a través das [canles](#) da UVigo e en todos os perfís en redes sociais da Unidade de Igualdade.

Os cursos completados recoñecéronse cun certificado de aproveitamento polas horas previstas de formación (40 h o curso Introducción á perspectiva de xénero e 15 h o resto de formacións) e tamén cunha insignia dixital accesible para descargarse unha vez cuberta a enquisa final de avaliación, como un recurso para visibilizar e para valorar a formación en igualdade.

Mantense a posibilidade, implantada na edición anterior, de acceso libre aos contidos dos primeiros dezoito cursos que están recompilados en [catro volumes en formato dixital](#) e tamén en [formato físico](#) en todas as bibliotecas da Universidade de Vigo.

## 2. Datos de participación no Itinerario formativo virtual en xénero

Nesta edición ofrecíase unha cota limitada de 100 prazas por cada curso e cómpre destacar como volveron **augmentar as inscricións** respecto a edicións anteriores e, polo tanto, o número de persoas que remataron as accións formativas. Este dato confirma o interese en formarse en igualdade de xénero e feminismos, igual que se recolle noutras consultas e estudos feitos desde a Unidade de Igualdade.<sup>1</sup> Resulta destacable este feito, xa que se mantén o interese tanto nas accións formativas recentemente incorporadas coma nas convocadas nas seis edicións do itinerario.

Segundo os datos, inscribíronse en total **595 persoas**, 538 mulleres (90,42 %), 56 homes (9,41 %) e unha persoa non binaria (0,16 %).



As **1900 prazas** dispoñibles entre os 19 cursos completáronse nos primeiros días do prazo de matrícula. Un dato previsible ao ser a primeira edición cunha convocatoria aberta ao público xeral, de quen xa recibíramos demandas nas convocatorias anteriores. Todos os MOOC completaron a súa capacidade máxima de 100 inscricións na primeira semana.

Repetiuse a tendencia, habitual nas formacións masivas en liña e nas anteriores convocatorias, de que non todas as persoas inscritas remataron as formacións. Os datos oscilan entre o 62 % e o 75 % dos cursos completados. Mais, a pesar disto, un total de **1307** cursos individuais remataron con éxito, completando todos os apartados e superando as probas previstas para obter o certificado de aproveitamento no prazo marcado.

A continuación presentamos os datos, por curso, co número de **persoas inscritas** desagregadas por sexo e a porcentaxe de eficiencia terminal por cada MOOC e en total.

Esta información tamén nos permite observar un interese semellante a todas as temáticas ofertadas que redonda na vontade de formarse en igualdade tanto dentro coma fóra do ámbito universitario. Tamén as posibilidades que ofrece unha formación en liña, flexible

---

<sup>1</sup>Esta afirmación pode corroborarse no estudo [Valoracións, percepcións e impacto das políticas de igualdade entre mulleres e homes na Universidade de Vigo](#) editado pola Unidade de Igualdade no Observatorio de Igualdade e en todas as [valoracións](#) das edicións anteriores do itinerario. Todos estes documentos están dispoñibles en acceso aberto na web da Unidade de Igualdade.

nos horarios de realización, e subvencionada, polo que non ten custos directos para as persoas que a realizan.

Acción formativa	Inscritas		Eficiencia
	♀	♂	
Introdución á perspectiva de xénero	94	6	65 %
Normativa básica de xénero	96	4	69 %
Educación afectivo-sexual	96	4	67 %
Economía de xénero	92	8	73 %
O acoso sexual e o acoso en función do sexo (...)	95	5	65 %
A comunicación e o xénero	96	4	70 %
A perspectiva de xénero na educación	96	4	72 %
A sostibilidade da vida no centro (...)	93	6	72 %
O xénero e o sexo no século XXI	91	9	70 %
Dimensión de xénero nos proxectos de I+D+i das TIC	90	10	66 %
Mulleres e ciencia	93	7	73 %
A inclusión da persp. e a análise de xénero/sexo na investigación (...)	91	9	70 %
Políticas públicas de igualdade	96	4	70 %
Novas masculinidades	94	6	62 %
Pensar o amor no século XXI	96	4	64 %
Pornografía	97	3	75 %
A prostitución no marco do capitalismo neoliberal	98	2	71 %
Intelixencia artificial e xénero	90	10	64 %
Deconstruír o discurso prehistórico dende o feminismo	96	4	69 %
<b>Total</b>	<b>1790</b>	<b>109</b>	<b>68,79 %</b>

O **68,79 %** do total das solicitudes de inscrición completaron as formacións. Polo tanto, consideramos que o itinerario está a ser unha acción efectiva, xa que responde aos rangos habituais para este tipo de formacións masivas en liña.

De novo, a case totalidade dos cursos realizáronos mulleres, un amplo 90,42 %, fronte ao 9,41 % dos homes e o 0,16 % de persoas que non se identifican con ningunha destas categorías.

É un feito habitual que a participación na formación en xénero e o interese por estas cuestións sexan maioritariamente femininos. Tendo en conta as esixencias cada vez maiores da formación en xénero –xa incorporada como un factor para considerar nos criterios de elixibilidade establecidos polo Horizonte Europa e por outras convocatorias–, parécenos que esta posibilidade de iniciarse na formación con perspectiva de xénero, cun ritmo flexible e con contidos variados, é un recurso moi útil que debería ser atractivo para calquera persoa e para mellorar as capacidades profesionais e avanzar cara á excelencia.

### a. Vinculación coa universidade

Se analizamos a vinculación coa Universidade de Vigo, un total de 198 persoas, é dicir, o 34,02 %, dixeron formar parte da comunidade universitaria; mentres que 372 persoas, o 63,92%, afirmaron non ter vinculación. Un total de 11 persoas, é dicir, un 1,89 %, non indicaron a súa vinculación ou non coa Universidade de Vigo.

Os resultados de matrícula son, sen dúbida, un resultado directo da dispoñibilidade do itinerario a persoa externas á comunidade universitaria da Universidade de Vigo. Este cambio no desenvolvemento do programa formativo amplía os seus fins ao incorporar a transferencia con esta apertura no acceso.

**1900 prazas dispoñibles** (100 en cada un dos 19 cursos)

**595 persoas inscritas** (90,42 % mulleres, 9,41 % homes e 0,16 % persoas non binarias).  
Deste total, o **63,92 % non tiña relación coa comunidade universitaria**, nesta primeira edición de acceso aberto.

**68,79 % de eficiencia terminal** (oscilando entre o 64 e o 73 %)

## 2. Valoración do itinerario

A valoración do itinerario por parte das persoas participantes recolleuse nunha enquisa final, que era necesario cubrir para poder completar cada MOOC e obter o certificado de aproveitamento do curso.

Neste cuestionario debían responder sobre diferentes aspectos da organización e da xestión dos cursos como a duración, a utilidade, se a formación cumprira as súas expectativas iniciais, a súa impresión sobre o deseño do MOOC no que participaban, o funcionamento da plataforma e, por último, a impresión xeral.

As respostas ían nunha escala de cinco categorías, entre moi ben e moi mal en cada un dos ítems. No cadro presentamos os resultados obtidos nas cinco categorías nas seis preguntas formuladas.

As respostas non estaban configuradas como obrigatorias, polo que as preguntas teñen resultados con lixeiras diferenzas.

	Moi ben	Ben	Regular	Mal	Moi mal
Duración da actividade	547	510	77	3	1
Utilidade do curso	647	407	72	10	2
Grao en que cumpriu as súas expectativas	566	448	99	19	6
O curso está deseñado para a docencia en liña autónoma (tipo MOOC). Paréceche correcta a súa estrutura?	671	398	60	7	2
O curso desenvolveuse na plataforma Moovi. Como a cualificarías?	675	396	61	6	0
En conxunto, como cualificarías o curso?	628	437	63	7	3

Como se pode observar na táboa, cómpre destacar que o itinerario ten **moi boas valoracións tanto cuantitativas coma cualitativas**. En particular, segundo os datos recollidos, valórase o formato e a plataforma na que se impartiu ([Moovi](#) é a aplicación propia para teledocencia desenvolta pola Universidade de Vigo) e a utilidade do curso.

Os aspectos que teñen respostas cunha valoración menor poden comprenderse, en parte, coas achegas cualitativas que o alumnado fixo nas preguntas abertas do cuestionario e que se desenvolven no apartado seguinte.

A oportunidade que ofrece esta formación, ampla e flexible, é, sen dúbida, un dos factores que inciden nas altas valoracións que recibe o Itinerario formativo virtual en xénero en cada unha das edicións convocadas ata agora.

### 3. Conclusións finais e respostas abertas

Segundo os datos desta sexta edición, **12 persoas realizaron o itinerario completo**, é dicir, 19 cursos (310 h de traballo estimado) e outras 36, máis de dez cursos (entre 150/175 h e 270/295 h, dependendo da súa escolla, xa que o curso [Introdución á perspectiva de xénero](#) recomendado para as persoas sen formación ou coñecementos previos, ten unha duración maior ca o resto, de 40 h). **Todas elas eran mulleres.**

**Os homes matricularonse de menos cursos**, só cinco deles fixeron máis de catro cursos. Varios coinciden no curso de [Economía de xénero](#), que sabemos que a docente e PDI da Universidade de Vigo lle suxeriu ao seu alumnado como un complemento nunha materia que imparte. Se analizamos os datos dos que completaron varias accións formativas, observamos un maior interese nos cursos máis relacionados coa ciencia, a tecnoloxía e a investigación, e outro bloque no que coinciden os que dispoñen de contidos sobre sexo, xénero ou sexualidade.

Estes resultados fannos pensar que é necesario conseguir que estas formacións resulten **atractivas para perfís máis amplos**. A variedade de temas non parece ser suficiente para que os homes, tanto na comunidade universitaria coma fóra dela, participen no itinerario máis ca residualmente, como comprobamos nos datos de cada unha das edicións. Polo tanto, habería que experimentar con outras fórmulas para reducir esta fenda.

Para realizar un seguimento mellor desta acción tamén se habilita un apartado para que as persoas que completan os cursos do itinerario poidan facer unha valoración cualitativa, con aspectos positivos e negativos, e achegas sobre o tema que lles parezan de interese para incorporar en futuras edicións do itinerario.

Nas avaliacións do alumnado valórase moi positivamente a **flexibilidade horaria** para poder realizalo, o seu **formato**, os **contidos** e a **calidade docente**, a presentación **de termos e conceptos novos e relevantes** para ampliar a formación e para comprender o momento presente e o **interese dos ámbitos** representados, moitos en ámbitos onde a perspectiva de xénero está menos arraigada.

Aínda que o itinerario está pensado como unha formación introdutoria para achegar coñecementos que promovan o interese en afondar nos ámbitos representados, moitos dos comentarios piden **maior profundidade, contidos máis extensos, máis posibilidades de aplicacións prácticas e actividades interactivas**: «Cursos que profundicen máis en la perspectiva de género y que sean de mayor duración.»; «Estes cursos poderían ser dunha maior duración porque son só "pinceladas" sobre os temas.»; «Gustaríame que se profundase en aspectos prácticos sobre aplicación de contidos do terceiro módulo en distintos contextos (educativo, social, familiar etc.).»; «Esperaba máis temas.»; «Debería ser máis extenso e completo.»; «Fíxoseme curto.»; «Penso que debería de ser unha formación máis extensa dada a importancia social deste tema.»; «Fíxoseme curto.»; «Podería ser algo máis longo.» Polo tanto, sería interesante poder ofrecer recursos de maior importancia e duración noutros formatos para atender estas demandas formativas nalgún outro programa formativo que reúna estas características.



Tamén se ofrecía a posibilidade de **propoñer temas** para coñecer o interese real do alumnado de cara ao deseño das futuras edicións. Nesta ocasión, pese a que o número de persoas inscritas é superior ás edicións anteriores, hai menos comentarios nesta pregunta. Entre as propostas de temas aparecen cuestións máis prácticas como a formación para elaborar plans de igualdade ou para implementar os contidos na docencia; outros temas que se repiten de edicións anteriores como cursos que introduzan a interseccionalidade, sobre identidade de xénero ou pedagogía *queer*; outras que piden temas que comezan a estar presentes no debate público como a violencia na rede cara ás mulleres ou a *manosfera*, e tamén peticións de formacións complementarias e con enfoques diversos como pornografía feminista ou de incorporar ámbitos non presentes como o da literatura.

Algunhas destas demandas xa as valorou o equipo do Itinerario formativo virtual en xénero e xa se están preparando novos cursos con docentes especialistas nestas cuestións que se incorporarán ao catálogo de cursos en edicións próximas.